



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

## DECRETO DA ALCALDÍA 271/2017

Asunto: Convocatoria

ÓRGANO COLEXIADO: Pleno

Nº SESIÓN: 6/2017

CARÁCTER : Ordinaria (xoves 03 de agosto de 2017 ás 12:00 horas)

En uso da atribución que me confiren os artigos 21.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Régime Local e 80 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamiento e Régime Xurídico das Entidades Locais, e segundo o acordo plenario do 9 de xullo de 2015 polo que se estableceu a periodicidade das sesións ordinarias do Pleno, tendo en conta que o 25 de xullo de 2017 foi festivo en toda a Comunidade Autónoma de Galicia, polo que, de terse realizado a sesión da correspondente comisión informativa o 24 de xullo, a sesión do pleno non se podería convocar para o xoves 27 de xullo, como estaba previsto, senón que debería realizarse o venres 28 de xullo e, en uso da facultade que me foi atribuída por medio do acordo plenario do 09 de xullo de 2015, para "... adiantar ou adiar a realización da sesión, sen alterar o número delas que se deberán realizar durante o exercicio, para facilitar a asistencia dos/as membros da Corporación, no caso de coincidir con períodos vacacionais cuxas datas varían de ano a ano, ou por necesidades de cumprimento de prazos polos acordos plenarios correspondentes nos expedientes en que se xustifique tal circunstancia.", convoco a correspondente a **xullo de 2017, para o xoves 03 de agosto de 2017, ás 12:00 horas** (ou dous días hábiles despois á mesma hora en segunda convocatoria, en caso de non existir o quórum esixido na primeira) no Salón de sesións da Casa do Concello coa seguinte:

## ORDE DO DÍA

### Parte resolutiva da sesión

- 1.- Aprobación da acta da sesión anterior ( nº 5/2017, extraordinaria, do 20 de xuño de 2017).
- 2.-Proposta de aprobación inicial da ordenanza reguladora do aproveitamento de terreos, tanto de dominio público coma privativos de uso público, mediante a ocupación temporal con terrazas e instalacións análogas, anexas a establecementos de hostalaría, no concello de Carral.
- 3.- Proposta de elección polo Pleno do Concello de Carral de xuíz de paz titular para o seu nomeamento pola Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.
- 4.-Proposta de aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito 2/2017.

### Parte da sesión de control dos demais órganos da Corporación

- 5.- Dación de conta de decretos da Alcaldía e, no seu caso, de reparos da Intervención do Concello.

- 6.- Mocións dos grupos políticos, no seu caso.

- 7.-Rogos e preguntas.

Notifíquese a presente resolución aos/as Sres/as. concelleiros/as membros do órgano convocado, advertíndolles que, conforme ao disposto no artigo 12.1 do citado RD 2568/86 do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.

Pónase a disposición dos/as Sres/as. Concelleiros/as a documentación dos asuntos incluídos na orde do día na Secretaría (accidental ou titular) do Concello a partires da notificación da convocatoria.

Carral, 31 de xullo de 2017

O ALCALDE

José Luis Fernández Mourío

Visto o decreto.

O SECRETARIO

Diego García Doval

